

ANO 2024

ANUARIO

Fundación Manuel María de Estudos Galegos



CASA – MUSEO
MANUEL MARIA



Índice



Introdución	02
Publicación da colección literaria para primeiros lectores "O poeta Manuel María..."	03
Caderno "Segundo concurso Manuel María de composicións musicais. Canción gañadora e finalistas"	04
Celebración anual do evento Lúas de Outono	05
Convivio da Cultura Galega	06
Concurso escolar de recitado de poesía Rosalía sempre viva	07
Concurso de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María	08
Certame Manuel María de Proxectos Teatrais	09
Concurso Manuel María de Composicións Musicais	10
Clube de Lectura da Casa-Museo	11
Programa de visitas á Casa-Museo Manuel María	12
Exposicións en volta de Manuel María e outras figuras da literatura galega	13
Camiñando a terra	14
Cartografía dixital: polos camiños da Terra con Manuel María	15
Programación cultural da Casa-Museo	16

Fundación Manuel María de Estudos Galegos

ANUARIO 2024

Introdución

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos leva dezasete anos de funcionamento co obxecto de custodiar e difundir o legado de Manuel María, tanto no que se refire ao seu corpus literario como á súa propia traxectoria vital. Manuel María, tanto por calidade como por cantidade, produciu unha das obras creativas de maior entidade entre as publicadas na segunda metade do século XX. Unha obra extensa e variada, quer en xéneros literarios, quer en temática e rexistros empregados, desde a fidelidade á lingua galega e contribuindo, desta maneira, á súa rica tradición literaria. A Fundación Manuel María acrecentou a súa actividade coa apertura, en 2013, da Casa-Museo Manuel María. Con este equipamento a fundación reforzou o seu propósito de que o pobo galego, destinatario natural da obra de Manuel María, teña coñecemento dela e do seu legado.

Pois ben, coa idea de ofrecer unha ollada da actividade da propia Casa-Museo e da Fundación Manuel María ao longo deste 2024, rescatando momentos, propostas culturais, certames, publicacións..., nace o anuario que estás a ver e que ten intención de se editar desde xa cada ano. Elaborado por amigas e amigos da Casa-Museo, pon en valor a labor de tantas persoas que contribúen co seu traballo e voluntariado para a difusión do acervo de Manuel María. Contributo que agradecemos inmensamente.



Publicación da colección literaria para primeiros lectores “O poeta Manuel María...”

A colección literaria para primeiras lectoras “O poeta Manuel María...” que pretende achegar dun xeito atractivo ás persoas máis novas a figura de Manuel María e as temáticas e valores que o mobilizaron na súa vida.

En 2024 publicáronse tres novos libros da colección: O poeta Manuel María foxe de Barriga Verde; O poeta Manuel María muda de casa e O poeta Manuel María é fogueteiro. A colección está elaborada polo humorista gráfico, debuxante e guionista de banda deseñada Pepe Carreiro, e polo tamén debuxante e ilustrador, Abraham Carreiro, e ten un formato de 20X20

*Por eles,
por Galiza
ten verdadeiro
sentido
a nosa vida*

*-Manuel María
[Proba documental]*



Caderno "Segundo concurso Manuel María de composicións musicais. Canción gañadora e finalistas"

Publicación das partituras gañadora e finalistas do concurso de 2023 e distribuída entre as escolas de música e conservatorios de toda Galiza.

*¡Berra pola luz e pola xente
e comeza, sen máis a combatur!
-Manuel María
[Poemas ao outono]*



CELEBRACIÓN ANUAL DO EVENTO LÚAS DE OUTONO

Homenaxe anual a Manuel María que se vén desenvolvendo no mes de setembro desde hai quince anos na Coruña e que consiste nunha velada artística (poesía, música, teatro, audiovisual, maxia, danza...) ao redor de Manuel María. 18/09/2024 Este ano celebramos a XV edición. Os Carunchos cantaron a Manuel María presentando o seu traballo Unha gorxa chea de paxaros e a poeta Eva Veiga puxo voz a unha selección de poemas de Manuel María.



*¡Hai que defender a fala con man dura
pois precisamos da fala para salvarnos!*
- Manuel María
[Canciós do lusco ó fusco]

CONVIVIO DA CULTURA GALEGA

O segundo sábado do mes de xullo celébrase un encontro de entidades culturais de toda Galiza organizado pola Fundación Manuel María na carballeira de Santa Isabel de Outeiro de Rei. En 2024, a undécima edición celébrámola o 13 de xullo.



CONCURSO ESCOLAR DE RECITADO DE POESÍA ROSALÍA SEMPRE VIVA

Concurso de recitado sobre poemas de Rosalía de Castro e Manuel María que vai pola súa novena edición, destinado ao alumnado non universitario (primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos). O concurso ten por obxectivo a potenciación da expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e recitado da obra de Rosalía e Manuel María. En 2024, foron dezasete os centros participantes e Daniela Velo Veiga, co poema "Adiós ríos, adiós fontes", e Lara Arias Sanjurjo, co poema "Alborada nº1", ambas do CPI de Xanceda (Mesía), foron as gañadoras das dúas primeiras categorías. Pablo García Martínez, do IES de Foz, co poema "Cantan os galos pró día", e Iria Mariño Solla do IES Val do Tea de Ponteareas co poema "Cando a luniña aparece", foron os gañadores das categorías correspondentes a ESO e a Bacharelato e Ciclos Formativos.



CONCURSO DE VIDEOPOEMAS SOBRE COMPOSICIÓNS POÉTICAS DE ROSALÍA E MANUEL MARÍA



Concurso anual dirixido para mozas e mozos desde primeiro da ESO até Bacharelato, incluíndo Ciclos Formativos, que ten por finalidade a potenciación da creatividade artística a través da conxunción da palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra de Rosalía e Manuel María. En 2024, os premios recaeron no videopoema *Negra sombra*, elaborado por un grupo de alumnos do CPR Santiago Apóstol de Narón, e *A xustiza pola man*, de Noa Cabaleiro Ribadulla, do IES nº1 da Estrada. Así mesmo, Sofía Regueiro, do IES Monelos da Coruña, obtivo un accésit por *Rosas*.



CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS

Co obxecto de promover a ampla produción teatral de Manuel María, convócase este concurso, de periodicidade bianual, dirixido para compañías profesionais.

Berenguela na gaiola, vén de ser a proposta gañadora da IVª edición. Proxecto das compañías Xarope Tulú e Galeatro, con dirección de Paula Carballeira, que se representará no último trimestre de 2025 e durante todo o 2026 e que terá como mínimo corenta representacións.



CONCURSO MANUEL MARÍA DE COMPOSICIÓN MUSICAIS

A Casa-Museo convoca anualmente desde o ano 2022 un certame anual que ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María. A actividade é aberta á participación de todas as compositoras e compositores que o desexan. As cancións deben ser orixinais, inéditas, sen estrear, cunha duración máxima de cinco minutos e mínima de dous minutos e medio e a composición ten de ser sobre un poema, de libre elección polas persoas concursantes, de entre todos os escritos por Manuel María.

En 2024, a composición gañadora resultou ser Neno, de Saúl Aguado de Aza.



CLUBE DE LECTURA DA CASA-MUSEO

En febreiro de 2018 constituíse un Clube de Lectura formado por unha quincena de persoas. As sesións e as as lecturas en 2024 foron as seguintes:

En 2024:

- 20 de xaneiro, O azul entre o ceo e a auga de Susan Abulhawa
- 16 de marzo, Pecados veniais de Nazarét López
- 20 de abril, Contármonos do colectivo Comadres das letras
- 15 de xuño, Cartos, de Victoria Benedictsson e Lume, de David Rubín
- 14 de setembro, Libro das columnas, de Luísa Villalta e Besta do seu sangue, de Emma Pedreira
- 14 de decembro, -14 de decembro, Senlleiras, de Antía Yáñez



PROGRAMA DE VISITAS Á CASA-MUSEO MANUEL MARÍA

Todas as visitas son guiadas por persoal da Casa-Museo. O programa diferencia tres modalidades, con horarios e consideracións diferentes: visitas escolares, visitas de colectivos veciñais e culturais e visitas familiares.



EXPOSICIÓNS EN VOLTA DE MANUEL MARÍA E OUTRAS FIGURAS DA LITERATURA GALEGA

Distintas exposicións que foi tirando a Fundación Manuel María e que están constantemente rotando polo país. Estas son: Rosalía sempre viva, viva Rosalía!; Manuel María, a palabra viva; Manuel María. Beleza, amor e compromiso; e O Miño, canle de luz e néboa.

En 2024:

-“O Miño, canle de luz e néboa” no CEIP de Sestelo-Baión (Vilanova de Arousa).

-“Manuel María. Beleza amor e compromiso” no centro Ágora da Coruña e na Casa da Cultura de Vilalba. e no CPI Antonio Orza Couto de Boqueixón.

-“Rosalía sempre viva. Viva Rosalía!” no IES Blanco Amor de Culleredo.



CAMIÑANDO A TERRA

Camiñadas e descubertas do patrimonio (cultural, artístico, natural...) de distintos lugares do país cos escritos de Manuel María


-29 de setembro de 2024:
camiñada por Bonxe (Concello de Outeiro de Rei) a través do patrimonio do barro, con Orlando Viveiro



CARTOGRAFÍA DIXITAL: POLOS CAMIÑOS DA TERRA CON MANUEL MARÍA

Incorporación nestes últimos anos de contidos dixitais sobre a obra de Manuel María vinculados ao territorio da provincia, coa idea de fomentar o achegamento á obra do escritor a través da descuberta e coñecemento do patrimonio natural e cultural da provincia.


<https://www.casamuseomanuelmaria.gal/estaticas/roteiros.htm>



Mapa | Fundación Manuel María | capturar imagen no pc - Pesqui...


roiteiros.casamuseomanuelmaria.gal/mapa?puntoid=15

Regato do Cepelo



O regato do Cepelo ao seu paso polo único mullito que tiña, o de Valentín, situado no lugar de Francos

O regato do Cepelo é un pequeno regueiro localizado na parroquia de Outeiro de Rei. Nace no Troilho da Agüela, un fondal de humidaís que cadra preto do camiño vello procedente de Bonxe. Emparza de seguido con outro rego ordinario do lugar da



CASA - MUSEO MANUEL MARÍA | Proyecto creado ao abeiro do Fondo Xacobeo 2021 | Fundación Manuel María de Estudos Galegos | Telf: 698 177 631 | contacto@casamuseomanuelmaria.gal

XUNTA DE GALICIA | Xacobeo 2021 | galicia

17:35 31/05/2023

*¡É que amencerá o sol e a liberdade
porque o espírito da terra está con nós!*

*-Manuel María
[Mar maior]*

Programación cultural da Casa-Museo

As actividades culturais, que vimos programando, con carácter continuado e regular os sábados de xaneiro a xuño e de outubro a decembro, teñen unha moi boa acollida por parte do público asistente, quer adulto, quer familiar. Unha proposta moi diversa, como sinalan as máis de trinta actividades de música, cine, teatro, narración oral, poesía, clubs de lectura, certames artísticos de música e teatro, presentación de libros... que se levaron a cabo na Casa-Museo durante o 2024.

No ámbito da música, o auditorio da Casa-Museo acolleu este ano un dos máis importantes artistas do panorama musical galego e internacional como Abraham Cupeiro. Tamén ao seu escenario subiu o magnífico cantante e percusionista tradicional Xisco Feijoo e unha das revelacións da música galega como Antía Muíño. Non faltaron conxuntos de longa traxectoria como Doa ou as galego-belgas alma ou músicos de consolidada carreira como os irmáns Pascual e Álvarez co seu proxecto Irmaus da Raia Seca. Na Casa-Museo tamén se desfrutou de novos grupos como o dúo Crúas e da presentación de Cartografías o último traballo dos nosos veciños Milesios. Os máis pequenos, igualmente, tiveron ocasión de cantar e bailar con Migallas e Paco Nogueiras, que deu a coñecer o seu último traballo Son animal.

Da mesma forma, a narración oral e o audiovisual contaron co seu protagonismo na programación. Así, cabe lembrar as contadas de Raquel Queizás, Caxoto e Carmen Conde, o documental Xove. Democracia nuclear, que incluíu unha moi ilustrativa conversa co histórico sindicalista agrario Milucho López, e a curta de Anxos García A rosa incandescente, centrada na nosa máis grande escritora, Rosalía de Castro.

Outras fitas que se proxectaron foron as de animación Sandwich cat e Ulises, con ocasión da presentación do libro poético non aparecen bicis do meirego e produtor de Gaitafilmes, Suso López. Alén deste, o colectivo Comadres das Letras deu a coñecer a súa publicación Contármonos e Xurxo Souto mostrou, cunha exhibición musical incluída, o seu libro Somos un pobo de artistas. O método Luísa Villalta. Linda e emotiva foi tamén a presenza de seis poetas (Marica Campo, Lois Diéguez, Eva Teijeiro, Igor Lutrís, Luz Darriba e Ánxeles Gracián) que en solidariedade co pobo palestino colaboraron na publicación Cantos de dor e liberdade. Voces galegas por Palestina e que presentaron na Casa-Museo xunto con representantes de Galiza por Palestina e a Asociación Galaico-Árabe Jenin.

No ámbito teatral, tivemos oportunidade de termos connosco, e desfrutar, de dúas das compañías galegas máis antigas de fantoches. Concretamente Tanxarina Títeres e Os monicreques de Kukus. Ambas deixaron pequeno o auditorio, perante do importante número de crianzas e familias que viñeron presenciar os espectáculos. Bicos con lingua de Talía Teatro e Vía morta de Culturactiva foron outras dúas pezas que pasaron polo cenario da Casa-Museo en 2024.

Programación cultural da Casa-Museo

- ✓ 20 de xaneiro: Tanxarina Títeres con "Titirircus"
- ✓ 27 de xaneiro: Crúas en concerto
- ✓ 3 de febreiro: Doa en concerto
- ✓ 17 de febreiro: Os monicreques de Kukas con "De trebellos, perellos e fedellos. Xan Perillán vai á biblioteca"
- ✓ 24 de febreiro: Curtametraxe "A rosa incandescente" de Anxos García Fonte para celebrarmos o Día de Rosalía



Programación cultural da Casa-Museo



- ✓ 9 de marzo: Caxoto con "Grandes éxitos"
- ✓ 16 de marzo: Documentario "Xove, democracia nuclear"
- ✓ 6 de abril: Antía Muíño en concerto
- ✓ 13 de abril: Raquel Queizás con "Travesías"



Programación cultural da Casa-Museo



✓ 20 de abril: Presentación do libro "Contármonos", do Colectivo Comadres das Letras

✓ 27 de abril: representación teatral "Vía morta", de Culturactiva e Pallasos en rebeldía



Programación cultural da Casa-Museo



✓ 4 de maio: representación teatral "Bicos con lingua", de Talía Teatro

✓ 12 de maio: Abraham Cupeiro, "Resoando no pasado"



Programación cultural da Casa-Museo



✓ 19 de maio: lalma en concerto

✓ 25 de maio: Paco Nogueiras presentou o seu último traballo "Son animal"



Programación cultural da Casa-Museo



✓ 1 de xuño: Presentación do libro "non aparecen bicis", de Suso López

✓ 8 de xuño: Milesios presenta o seu traballo musical "Cartografías"



Programación cultural da Casa-Museo



21 de setembro: Presentación do libro "Cantos de dor e liberdade"



Programación cultural da Casa-Museo



26 de outubro: Gala-concurso da III edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais



9 de novembro: Migallas con "Cantaxoga"



Programación cultural da Casa-Museo



16 de novembro: Presentación do libro de Xurxo Souto "Somos un pobo de artistas. O método Luísa Villalta"



23 de novembro: Xisco Feijoo en concerto



30 de novembro: Carmen Conde contou "O que non estaba escrito"



ANUARIO 2024

CASA - MUSEO
MANUEL MARIA